

**RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES
CORRESPONDENTES ÁS SUBMEDIDAS 19.2 E 19.4B DA MEDIDA (LEADER) DO PDR DE
GALICIA 2014-2020
ANUALIDADE 2020**

I.- Antecedentes

- Ao longo do ano 2020, a persoa titular da Dirección Xeral da Agader emitiu resolucións de concesión de axuda (submedidas 19.2 e 19.4B) nas que figuraba, por regra xeral, un prazo máximo de execución e xustificación dos proxectos de ata o 15 de outubro de 2020 para os gastos correspondentes a esta anualidade, de conformidade co previsto no calendario de xestión da medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR de Galicia 2014-2020).

- Mediante a resolución do 6 de outubro de 2020, a directora xeral da Agader ampliou o prazo máximo de execución e xustificación, para os gastos correspondentes á anualidade 2020 e en relación a todas as resolucións xa emitidas, ata o 30 de outubro de 2020. Por outra parte, as resolucións de concesión de axuda emitidas con posterioridade á citada resolución da directora xeral da Agader do 6 de outubro de 2020, emitíronse xa coa nova data máxima de execución e xustificación: 30 de outubro de 2020 para os gastos correspondentes á anualidade 2020.

- Ao longo do mes de outubro deste ano 2020, tiveron entrada no rexistro xeral da Agader un número significativo de solicitudes de promotores para a ampliación do prazo de execución e para a presentación da documentación xustificativa correspondente aos gastos da anualidade 2020 que exceden do límite máximo (30 de outubro de 2020) establecido con carácter xeral na Resolución da directora xeral da Agader do 6 de outubro de 2020. A estas solicitudes concedéuselles a ampliación de prazo que solicitaron, mediante resolución da directora xeral do 28/10/2020.

-Por outra parte, ao longo da primeira quincena do mes de novembro deste ano 2020 tiveron entrada no rexistro xeral da Agader un número significativo de solicitudes de promotores para a ampliación do prazo de execución e para a presentación da documentación xustificativa correspondente aos gastos da anualidade 2020 que exceden do límite máximo previsto do 15 de novembro para moitas resolucións de concesión da axuda, en virtude da prórroga concedida mediante a resolución da directora xeral do 28/10/2020 á que se fai referencia no parágrafo anterior.



As solicitudes de prórroga recibidas en Agader figuran nos anexos I a III desta resolución. Nos citados anexos consta o número de expediente, título, promotor e xustificación alegada para a solicitude de ampliación de prazo. Cómpre sinalar que nos supostos especificados no anexo I deste informe, a ampliación de prazo concédese de oficio debido á proximidade da data na que foi posible a emisión da correspondente resolución de concesión da axuda.

II.- Fundamentos legais e técnicos

No PDR de Galicia 2014-2020 prevese que a Agader xestione a medida 19 (Leader) e, dentro dela, as submedidas 19.2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial).

Neste senso, a Agader materializou a xestión das submedidas 19.2 e 19.4B a través dos seguintes instrumentos:

- Acordo do 13 de decembro de 2019, publicado mediante a Resolución do 13 de decembro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D) e DOG núm. 246, do 27 de decembro de 2019.

- Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 247, do 30 de decembro de 2019).

- Resolucións do director xeral da Agader, do 4/05/2020 pola que se lle autorizaron aos GDR, os gastos correntes ou de funcionamento (submedida 19.4A) e pola que se lles autorizaron os importes máximos para gastos de animación (submedida 19.4B), con cargo á anualidade 2020.

O artigo 34.1 c) e d) destas bases reguladoras (Régime de Axudas da media Leader do PDR de Galicia 2014-2020) veñen a establecer, no ámbito do calendario de xestión da medida, que a data final, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos e o 15 de outubro de cada ano.

Non obstante, o punto 2 do citado artigo 34 establece a posibilidade de que “a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en previsión dunha ordenada xestión, execución e peche da medida Leader do PDR, poida variar as datas sinaladas, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución de proxectos á proximidade das datas límites sinaladas”.



Esta resolución non prexudica a terceiros e non é restritiva nin de dereitos individuais nin colectivos, polo que a súa aplicación de xeito retroactivo ás resolucións de concesión de axuda que xa foran emitidas e notificadas aos interesados antes da data da emisión da presente resolución, non presenta inconveniente.

Tendo en conta:

- Que a pandemia de covid-19 e as conseguíntes restricións derivadas da crise sanitaria e da declaración do estado de alarma afectaron de xeito moi negativo ao ritmo das verificacións dos informes control de elixibilidade (ICES) por parte da Subdirección de Relacións cos GDR e á data na que foi posible emitir as resolucións de concesión de axuda e sobre todo ao ritmo de execución dun gran número de proxectos, e coa finalidade de facilitar unha execución o máis eficiente posible da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020,
- Que á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos que no citado anexo I se sinalan, as alegacións dos promotores xustifican a concesión das prórrogas que solicitan, estas non exceden da metade do prazo inicial de execución de xustificación e con elas non se prexudican dereitos de terceiros. Polo tanto, cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 para a prórroga de que se trata.

En consecuencia,

PROPOÑO, en relación ás resolucións de concesión de axuda emitidas durante a anualidade 2020 correspondente aos proxectos sinalados nos anexos I, II e III desta resolución e que se tramitan no marco das submedidas 19. 2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial) do citado PDR e unicamente para a anualidade 2020:

1. Modificar as datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores, como de xustificación de investimentos, se ben unicamente para a anualidade 2020; de xeito que as citadas datas finais, tanto de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores como de xustificación de investimentos sexan as que se indican para cada expediente nos citados anexos.

A modificación das datas finais indicadas nos parágrafos anteriores suporá á súa vez a modificación das resolucións individuais emitidas, durante a anualidade 2020, no ámbito das submedidas 19.2 (apoio á implementación de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR) e 19.4B (animación e promoción territorial), correspondentes á medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020 no que respecta ao prazo máximo de execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2020, manténdose, no seu caso, o prazo máximo que establezan ditas resolucións para a execución e xustificación dos gastos correspondentes á anualidade 2021.



2. Notificar esta resolución aos interesados e aos GDR inmediatamente e darlle publicidade no taboleiro e na páxina web de Agader.



ANEXO I (prazo 25 de novembro de 2020)

GDR	Nº expediente	Título	Promotor	Data solicitada	MOTIVACIÓN
Ribeira Sacra Courel	L20 1940 06 B239	Impulso a dixitalización e o comercio online da pemes agroalimentarias do GDR Ribeira-Sacra Courel	Asociación de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1940 06 B241	Plan piloto de impulso a imaxe de marca e packaging das pemes agroalimentarias do GDR Ribeira Sacra	Asociación de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1940 06 B243	Segundo plan piloto de impulso e imaxe de marca e packaking das Pemes agroalimentarias do GDR	Asociación de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
A Limia Arnoia	L20 1920 10 0226	VIVENDA COMUNITARIA GÉMINAS	DAVID FERNANDEZ MARTINEZ	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 10 0216	Skybots Robots Agroforestales	SKYBOTS ROBOTS AGROFORESTALES	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 10 0195	Complexo turístico O Campo de Sorga con Restaurante Vinculado	OKSANA SHULZHENZO	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 10 0212	Compostaxe de estiercol de Gallinaza	Compos Quintas SL	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 10 0228	Sarreaus,a vía da Prata e a espiritualidade a través do patrimonio	Concello de Sarreaus	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.



	L29 1920 10 0198	CASA DE OFICOS NO NÚCLEO RURAL TABOADELA	Concello de Taboadela	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 10 0196	CASAD DA MEMORIA E INTERPRETACION DA PAIXASE II	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 10 0199	POSTA EN VALOR DA MUTATIO DAS MOURÚAS	CMMVVMC SERRA DO XURES	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 10 0225	VIVENDA TUTELADA LIMISI	ASOCIACIÓN LIMISI	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
Condado Paradanta	L20 1920 13 0161	Hostal tres estrelas: Rural Eido do Rei	Mª CRISTINA PEREZ PEREZ	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L19 1920 13 0128	Ampliación da Peme Lotica Condado S.L	Lotica Condado S.L	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 13 0172	Hostal *** Praza de San Agustín de As Neves	DOLORES RODRIGUEZ ARAUJO	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1920 13 0164	Proxecto Canles. Camiños asistenciais ás necesidades localizadas en espazos singulares	AFAGA ALZHEIMER (Asociación de familiares de enfermos de alzheimer e outras demencias de Galicia)	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.
	L20 1940 13 B178	Promoción da Rede de Sendeiros Condado Paradanta	Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	25/11/2020	Concesión de oficio por proximidade coa data da emisión da resolución de concesión.



ANEXO II (prazo 30 de novembro de 2020)

GDR	Nº expediente	Título	Promotor	Data solicitada	MOTIVACIÓN
Terras de Miranda	L20 1940 01 B159	Promoción de paquete turístico elaborado por Terras de Miranda dentro do programa Leader	Asociación Terras de Miranda	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
Terra Cha	L20 1940 02 B137	Rediseño Páxina Web	Asociación de Desenvolvemento comarcal de Terra Chá	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
Adercou	L20 1920 11 0136	Residencia-Geriatrico Os Peares	SOTO Y CID SL	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
Pontevedra Morrazo	L20 1940 15 B102	“Animación e Difusión Leader (2020)”	Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra- Morrazo	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
Pontevedra Norte	L20 1920 16 0146	Posta en valor turístico Castro de San Paio	Concello de Vila de Cruces	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
Deloa	L19 1920 18 0082	Instalación de Forno Crematorio no Tanatorio Grupo Fernández & Collazo	Grupo Fernández y Collazo	30/11/2020	Falta de tempo para presentación do aval
	L20 1940 18 B105	Estudio e reportaxe fotográfica sobre o impacto do enfoque Leader no Territorio	Asociación de Desenvolvemento Local Deloa	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1920 18 0104	MELLORA TECNOLÓXICA PARA INCREMENTO DE VALOR DO GRANITO E REDUCCIÓN DE RESIDUOS	Propetán Investment, S.L	30/11/2020	Falta de tempo para a presentación do aval



Terras de Compostela	L20 1920 19 0099	Plan de Formación: Calidad turística en Destino (Fase II)	Asociación Terras de Compostela	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1920 19 0102	PROGRAMA INTEGRAL DE EMPREGO EXPLOTACIÓN AGRICOLA EN MARROZOS	Entrelampo	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto
Ulla Tambre Mandeo	L20 1920 20 0128	Acondicionamento do Parque Infantil entorno pista multideporte, A Fraga, Vilasantar (A Coruña)	Concello de Vilasantar	30/11/2020	Atraso na execución do proxecto



ANEXO III (prazo 30 de decembro de 2020)

<i>GDR</i>	<i>Nº expediente</i>	<i>Título</i>	<i>Promotor</i>	<i>Data solicitada</i>	<i>MOTIVACIÓN</i>
<i>Terras de Miranda</i>	L20 1940 01 B158	Campaña de promoción "Vente a vivir a un pobo, territorio Terras de Miranda"	Asociación Terras de Miranda	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
<i>Montes e Vales Orientais</i>	L20 1940 03 B183	CARACTERIZACION VARIETAL DAS CASTAÑAS DA MONTAÑA ORIENTAL	Asociación de Desenvolvemento Rural Montes e Vales Orientais	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
<i>Comarca de Lugo</i>	L20 1940 04 B126	Reestructuración da propiedade mediante permutas voluntarias no GDR04	Asociación para o Desenvolvemento Rural da comarca de Lugo	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
<i>Miño Ulla</i>	L20 1920 05 0180	ADQUISICION E ACONDICIONAMENTO NAVE USO ALMACEN DE MATERIAL PARA ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, ASAMBLEA	Ventalki, SL	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
<i>A Limia Arnoia</i>	L19 1920 10 0180	Rehabilitación antiga escola centro social	Comunidade de Montes	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L19 1920 10 0164	Aula de atención Temperá do Ceip Rosalía de Castro	Ampa Rosalía de Castro	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L19 1920 10 0160	Gravación disco ensemble Hotteterre	Fundación Vicente Risco	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
<i>Carballiño Ribeiro</i>	L19 1920 12 0089	Nave Prisma	Importaciones y distribuciones Prisma S.L	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto



Condado Paradanta	L20 1940 13 B173	Xornadas de sensibilización sobre a produción, transformación. e consumo de produtos agroalimentarios locais	Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1940 13 B176	Xornada de dinamizador rural	Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1940 13 B177	Promoción destino Condado Paradanta	Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
Costa da Morte	L20 1940 22 B108	Impulsando a marca " Costa da Morte Terras Atlántica"	Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
Mariñas Betanzos	L20 1940 23 B177	DESEÑO E CREACIÓN DE ESPAZO WEB DE ECOTURISMO	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1940 23 B180	Actuacións para a promoción do Ecoturismo	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1940 23 B182	Promoción de novos produtos turísticos culturais e de natureza no territorio de "Mariñas Betanzos"	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1940 23 B185	Campaña de difusión dos produtos alimentarios de " Mariñas Betanzos": Receitas da Biosfera	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
	L20 1940 23 B186	MATERIAL DIVULGATIVO PARA A PROMOCIÓN DOS PRODUTOS E SERVIZOS DO TERRITORIO DE "MARIÑAS-BETANZOS"	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto



L20 1940 23 B187	ESTUDO PARA O DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS DE PAQUETES, TEMATIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO EXPERIENCIAS DE ECOTURISMO	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
L20 1940 23 B188	DESENVOLVEMENTO DE MATERIAL PROMOCIONAL PARA A REDE DE CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
L20 1940 23 B189	CAMPAÑA PROMOCIONAL DO TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS: "ESCAPADAS Á BIOSFERA E MATERIAIS AUDIOVISUAIS"	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
L19 1920 23 0156	Creación de aloxamentos turísticos en Abegondo	Creación de aloxamentos turísticos en Abegondo	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
L20 1920 23 0178	Formación calidade turística restauración e aloxamentos	FORMACIÓN PARA A MELLORA DA CALIDADE E COMPETITIVIDADE TURÍSTICA EN ALOXAMENTOS E RESTAURANTES	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
L20 1920 23 0171	Desarrollo de un sistema sostenible de produción ecolóxica de tomates locais e verduras asiáticas	Carmen María Gayoso Babio	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
L19 1920 23 0152	CENTRO DE PROCESADO DE LÚPULO GALEGO	Lúpulo tecnología de Galicia Sociedade Cooperativa Galega	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto
L20 1920 23 0179	Creación de aloxamentos turísticos en Abegondo	Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas -Betanzos	30/12/2020	Atraso na execución do proxecto



Seitura 22	L20 1940 24 B149	Mellora da sostenibilidade das explotacións	Grupo de Desenvolvemento Rural Seitura 22	30/12/2020	Atraso na execución do proyecto
-------------------	---------------------	--	--	------------	------------------------------------

Santiago de Compostela,
O subdirector de Relacións cos GDRs
Por suplencia (Resolución do 04/02/2020)
O subdirector de Mobilidade de Terras
Asdo.: Alejandro Sánchez de Dios
(sinatura electrónica)

Tendo en conta o exposto, **RESOLVO aprobar a proposta do subdirector** de Relacións cos GDRs nos seus propios termos

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
(P.D: Acordo do 13/12/2019)
A directora xeral da Agader
(asinado electronicamente)
Inés Santé Riveira

